

XVII-

Álvaro novo, alto, delgado, maino, anxélico, como un Rimbaud fillo de Lilith, e non de Eva, un poeta paradisiáco, un poeta anterior ao pecado orixinal, porque a primeira muller de Adán foi Lilith, que non Eva, e foi a segunda muller de Adán a que introduciu o pecado no mundo; Álvaro novo, alto, delgado, dondo, doce, lizgairamente tímido, inocentemente risoño, timidamente sério, príncipe mozo, embaixador dun reino nórdico lindante co Edén, Edén que sen dúbida tiña visitado nos anos da súa infancia pura, despois de amosstrar ao Guardián da Porta o seu pasaporte, que o acreditaba como descendente de Lilith, fillo dunha raza ceibe da demoníaca cobiza de ser como Deus, raza sobre a que non estaba suspensa a damóclea espada de fogo que nega aos tristes fillos de Eva o regreso en carne mortal ao paraíso; Álvaro novo, esbarando, pisando apenas as lousas do claustro, alacre, ingrávulo, como hóspede vido dun mundo feliz, apareceu un día da nosa mocidade pola cidade de Santiago, pola Universidade de Compostela, vagamente disposto a cursar estudos de Filosofía e Letras. Traía os ollos cheios do reino espiritual en que nacera, un Mondoñedo que pairaba nas nubes sobre o Mondoñedo visíbel de tellados de pizarra e engabado de mármol; un Mondoñedo que era e non era o que soaba na Paula e rexera o autor do Relox de Príncipes. Sempre un pouco insone nas noites da Quintana, sempre un pouco sonámbulo nos días da Ferradura, vivendo entre nós, visitando connosco as tabernas do Franco, e ao mesmo tempo fora de nós e fora de si, desenrolando a fita das historias do seu berce indeciso, aureolado dun nimbo de esplendor de outro mundo, o seu mundo de orixe, sobrepondo à pedra e à chuvia santiaguesas o veludo e o po de estrelas da súa terra de ceu natural.

Este foi, este era o meu Álvaro dos anos en que el e máis eu tiñamos vinte anos, e a vida e o soño nos achegaran, antes que, pouco máis dun lustro despois, nos afastara a vida, nos afastara o soño, o soño da vida, o pesadelo da guerra, a alucinación da historia.

Poeta cubista, suprarrealista, vanguardista, neotrovadorista, o fillo de Lilith, ignorante do mal, porque a súa nai non mordera o froito da ciencia, compuña as súas cancións edénicas, mentres eu, fillo de Eva, me amarguraba a boca coa cinza das mazás terrestres.

("Para o doutor Cunqueiro", 1981)

XVIII- (DO ACTO II, ESCENA III)

Jocas.- Señoras e señores: boas noites. Ja me coñecen. Ja escoitaron a conversa que tiveron co espírito de Edelmira. En cumprimento dos seus mandados, fun pedir perdón ao señor Delfino de Outeiro, por mor da colmea e as zocas. A colmea del. As zocas de Edelmira. O furto da Divina e o Breixo. Fixo-se cruces. É un bo home e moi cristán, e perdoa. E denantes de ir a casa de Edelmira, veño a lle advertir ao señor Notário que o testamento non foi legal. Diso non lle dixen nada ao señor Delfino. Boas noites, señor Notário.

O Notário.- Grácias a Deus que te lembrás de min. Crin que non rematabas hoje de falar con eses señores. E logo, ¿viñeches a falar comigo ou a falar co público?

Jocas.- Non se alporice, que ja son con vostede. Ja oiu o que lle dicía a esta familia. Pasaba eu onte pola carballeira do Touzón e vin a Santa Compañía. E no cabo da ringleira ia a ialma de Edelmira de Cornido. E parou-se, e deixou se alongar aos máis defuntiños, e dixo-me: "Ai, Jocas, ¿seica me non coñeces? Non me teñas medo. Eu son Edelmira de Cornido. Teño sete anos de andar penando, e vou-che pedir tres favores. Un ires à miña casa onde nacín. Outro dicer ao meu home e à miña cuñada que poñan unha cunca pra min e que en sete anos me chamen sempre. O terceiro favor, vas-me-lle pedir perdón ao tío Delfino de Outeiro; que a miña cuñada e o meu home foron-lhe roubar unha colmea de mel, e pillarón-na às costas e levarón-na, e levarón as miñas zocas e deron-me do mel e comín". E non parou eiqui o parrafeio, que estivemos falando da colleita do millo e de outros intereses da parróquia, e falando, falando, dixo-me que o testamento que vostede lle fixo é falso, e non o fixo ela, que a irmá do seu home envolveu-se nun mantón facendo-se a adoecida e pasou por ela, e trouxo como testigos falsos ao Gajeiro e ao Crebajerros. E veño-llo dicer, señor Notário, porque veja se compre desfacer o mal feito.

Letras Galegas no Gaíás: Ricardo Carvalho Calero

Lectura participativa en liña
Escolma de textos de Pilar Pallarés,
Premio Nacional de Poesía

(*Farsa das zocas* [1963], en *Teatro completo*, 1982)

XIX- A consagraçom do galego

(A afirmaçom nacional) começou pola reivindicaçom e dignificaçom do idioma, como forma ostensível, como signo visível da personalidade galega. E como o idioma é un vehículo de comunicaçom, como a língua nom se fixo para o monólogo robinsónico, senom para o diálogo entre os compatriotas, essa consagraçom do idioma é umha consagraçom de Galiza, porque a adesom a essa forma cultural de expressom, supom o sentimento de que a realizaçom dos valores espirituais que latejam em cada individuo galego, só pode verificar-se plenamente no marco da realizaçom da autenticidade do país.

Língua matrizial e língua filial

E a comprensom desta verdade empurrou muitos galegos que nom só, como todos, foram escolarizados na língua do Estado, mas que tinham essa mesma língua como língua familiar, a interessar-se pola língua do país, e, num lento processo, a ampliar os limites de uso desta segunda língua, que, ampliados por Rosalia, ainda em Rosalia eram estreitos, porque se reduziam a um sector da literatura. E assi se fixo possível, e seguramente este é o caso de um bom número dos presentes, assi se fixo possível que muitos galegos que nom ouviram o galego cando nenos nos beijos da sua nai, alienada por umha pedagogia e umha sociologia desgaleguizadoras, realizaram a obra de piedade filial de devolver-lhe, co uso e aceitaçom do idioma próprio, à própria nai, a orgulhosa consciência da propriedade de um idioma que o curso dos acontecimentos lhe fixera distante.

(“Um brinde” [1985], en *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, 1989)

XX-

Como pudemos
viver? Os olhos múltiplos e insones
de Medusa fixos em nós à espreita.
As bocas das metralhetas
apontando-nos. A censura
postal -fatídico agoireiro-
lendo as nossas entranhas.
Os sacristaos passando lista
às portas das igrejas. Nos cafés,
os contertúlios anotando
as nossas reacçoms perante
as notícias do rádio.
Clitemnestra na cama.
Na escola, os nossos filhos aprendendo
a condenar-nos, a
desprezar-nos, a
denunciar-nos, a falarem na língua
com que insultados fomos e julgados
réprobos, e na qual foi estendida
a acta que nos levou
ao paredom, ao cárcere, ao desterro;
a língua com que nos indultaram
para nos inserir arrependidos
no mundo que quigéramos
substituir. Muitos morrerom, mas
nom falo agora desses mortos; falo
dos que tiverom que viver morrendo
entre os seus matadores, lendo a imprensa
que de lama os enchera, saudando
as insígnias contra as quais militaram.
Como pudemos
viver? E mais vivêmos.
E comêmos, dormímos, engendrámos

Letras Galegas no Gaíás: Ricardo Carvalho Calero

Lectura participativa en liña
Escolma de textos de Pilar Pallarés,
Premio Nacional de Poesía

crianças: se havia quê comer, se havia
leito para dormir ou para amar.
E é que, assi como o home sossegado,
bondoso e cortês, pode
converter-se em malvado,
besta cruel; e a mulher terna e fina,
em selvagem ouveante alimária:
assi tamém o home inquieto,
íntegro e valoroso pode
transformar-se em sofrida
besta de carga ou tiro, e a mulher
que as teias acendia da vitória,
em abatida fêmea
de miserenta espécie soterranha.
Assi hienas e vermes,
formas de desumana humanidade,
encarniçam-se, arrastam-se.
Nom haveria lobos
se nom houvesse anhos.
Milhafre e pomba todos podemos ser.
Isso é ser home: humilhar ao home
ou humilhar-se perante o home. Todos
podemos humilhar-nos e humilhar.
Isso é ser home. Mister seria
para nos prevenir de sermos
bestas depredadoras ou servis,
conquistar umha faísca
de lume prometeico e ser
um pouco deuses, home e deus à par,
na força e na renúncia;
mas isso só é possível
sobranceando o humano,
cando águia é a hiena, e anjo o verme,
sobre a terra a voar,
segundo a desumana fórmula
de Friedrich Nietzsche ou de Cristo Jesus

(*Reticências...* [1986-1989], 1990)

XXI-

O noso mundo contemporáneo ten sofrido dramáticos acontecementos. A cultura, que é fror da vida, múrchase cando a mesma vida – non a vida individual, senón a vida dun pobo, a vida da humanidade – se acha en contino trance de morte. Deféndese entón a vida desesperadamente, a vida esencial, a vida biolóxica. Retrocede o home aos seus instintos primarios, e, se ten tempo, en tan acorantes intres, pra proxear oxetivamente o seu pensamento, éste espresa samente a anguria presente, a anguria de agora. Como un neno, o home balboa o seu terror cósmico. Como un agonizante, esquece todo o que se non refire ao momento fadal. Toda a fremosa tradición cultural que consolóu os seus cotiáns pesares, véase ou afúndese. Quenes teñan adoptado esa posición, pouco amarán unha cultura tradicional, feita de lenta sabiduría, i en grande parte da sabiduría de saber iñorar. Brutalmente, o home en derrota desinterésase polo seu pasado, e, naturalmente, fica como un orfo. A súa literatura, de esistir, é unha literatura apocalíptica. As raigañas da obra de Otero Pedrayo son outras. Non hai nela escatoloxía, é dicir, catástrofe; senón continuidade, é dicir, tradición.

(“Ramón, príncipe de Aquitania”, en *Sobre lingua e literatura galega*, 1971)